

Escola de Verán: «EVIA 2017 - Escuela de Verano en Inteligencia Artificial (IA)»

Data: martes, 18 xullo, 2017 - 09:00-xoves, 20 xullo, 2017 - 20:00


Lugar: CiTIUS - ETSE

Poñente(s):

Idioma: Castelán

Streaming: Non

A Asociación Española de Intelixencia Artificial (AEPIA) organiza a III Escola de Verán de Intelixencia Artificial EVIA, un punto de encontro e adestramento para estudantes españois de IA.



Ven a Santiago de Compostela el próximo verano!

El evento tendrá lugar del 18 al 20 de julio de 2017 en Santiago de Compostela, España

AEPIA (Asociación Española de Intelixencia Artificial) organiza en Santiago de Compostela a *3ª Escola de Verán EVIA* co gallo de establecer un punto de encontro e adestramento para estudantes españois de Intelixencia Artificial IA. EVIA inclúe relatorios e laboratorios en áreas de IA que definen un bo marco para os estudantes predoutorais que desexen ampliar a súa formación en distintas áreas desta contorna científica. Tamén é un foro único para doutorandos de grupos de investigación de Intelixencia Artificial en España, que promove o desenvolvemento de relacións de cooperación científica desde o comezo das súas carreiras. Os asistentes a EVIA compartirán experiencias nun ambiente interdisciplinario, amigable e creativo para favorecer a comunicación, tanto entre eles mesmos como cos profesores desta *Summer School*.

A matrícula do curso inclúe:

- Aloxamento.
- Pensión completa (non inclúe o almorzo).
- Programa.
- Pausas para o café.
- Cea de gala.

Data límite de inscrición: 1 de Xuño de 2017.

Sede

EVIA2017 terá lugar nas instalacións do CiTIUS e da *Escola Técnica Superior de Enxeñería (ETSE)* da Universidade de Santiago de Compostela. En concreto, as *actividades conxuntas coa Summer School on Fuzzy Logic and Applications* (catro das conferencias, pausas para o café, comidas e programa social) terán lugar no CiTIUS, e o resto de charlas e talleres na ETSE. O edificio da ETSE e o do CiTIUS están situados no *Campus Vida* da USC, a cinco minutos de distancia o un do outro.